

Sobre a peza musical denominada

Alborada de Rosalía de Castro

Ao final de *Cantares gallegos*, Rosalía sitúa un poema que titula Alborada. Se no resto do libro son os versos dos *cantares* populares os que dan pé á escritora para crear os diferentes poemas, neste caso a autora segue o procedemento inverso, compón unha letra para unha música. Así o deixa por escrito nunha nota ao pé de páxina:

"A mais grande dificultade qu'achey prá escribir esta alborada foy o meu deseyo de que sahise nún todo arregrada á música..."

Das alboradas que os gaiteiros tocan para espertar aos veciños nos días de festa, Rosalía pasa a querer *espertar* a conciencia da "toleirona mocidád". É a mesma chamada a espertar do "sono" que xa estaba no poeta Añón e que despois de Rosalía quedará gravada para sempre no Himno de Pondal.

Paralelamente á sonda do libro dos *Cantares* e ao proceso de mitificación da súa autora, foi medrando primeiro a curiosidade, logo o interese e despois xa a necesidade imperiosa de coñecer aquela música que inspirara a Rosalía, para poder cantar a súa Alborada. É un proceso que vai de par do desenvolvemento dos coros galegos de Perfecto Feijoo e da erudición folclórica de Casto Sampedro. Os dous pontevedreses embárcanse na busca da fonte limpa daquela peza e mesmo en dúas ocasións, Alexandra Murguía de Castro, a filla máis vella de Rosalía, canta para eles. Foi en 1912 e 1913, canto que trascribiu Isidro Puga.

Feijoo publicou por primeira vez unha versión para canto na *Revista Mondariz*, número 38, en 1920. Casto Sampedro comezou entón unha polémica que continuou varios anos, enfrentando ao rigoroso erudito co entusiasta activista. As versións non acababan de cadrar e a letra non se acomodaba tan ben como debiera á música que trascribían. E volveron ás terras de Iria e daquela cantaron Xosé Hermida de Castro, parente de Rosalía, o seu curmán Xosé Diéguez e mesmo buscaron ao gaiteiro Gregorio Eiras, que tocaba a alborada que aprendera do seu pai, o tamén gaiteiro de Lestrove, Clemente Eiras, posible fonte de Rosalía. Nesta ocasión foi o organista de Iria, Alfonso Cardama, o transcritor da música. Outro crego dominico, José Sánchez aínda achegou outra versión, segundo o canto de Xosé Diéguez.

Nunca se chegou a un acordo sobre cal era a verdadeira Alborada que cantaba Rosalía de Castro. Non podía ser doutro xeito, estaban a tratar coa materia da que están feitos os soños. Entraran no territorio do mito e aí todas as versións son verdadeiras.

Todo isto e moito máis cóntao Filgueira Valverde nun fermoso artigo publicado en *El Museo de Pontevedra*, vol. XVI, 1962, pp. 54-62.

En 1920, os de Soutelo gravan unha ducia de pezas entre as que inclúen un arranxo para gaita da *Alborada de Rosalía de Castro*, segundo Santos Rodríguez Gómez. Velaquí a versión canonizada por Avelino Cachafeiro e os seus irmáns. O histórico disco será a fonte onde beberán moitos gaiteiros posteriores como Ricardo Portela ou mesmo Xosé Ferreirós que cos Faíscas do Xiabre rende tributo aos de Soutelo no seu primeiro disco.